

Que significa “crítica do establecido”? Que é o establecido?

Serías capaz de nomear algunha idea, norma ou práctica que noutro momento histórico foi aceptada como algo normal e hoxe non se considera correcta? E unha que hoxe sexa considerada normal pero que cres que debería ser sometida a crítica?

Por que ten tantos detractores a filosofía?

Horkheimer publicou *A función social da filosofía* en 1940. Cando nos fala da barbarie que ameaza a moitos países a que cres que se refire?

COMENTARIO DE TEXTO FILOSÓFICO

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Presentación do texto: A que obra pertence? Quen o escribiu? De que época é?

1.2. Tema: De que trata?

2. DESENVOLVEMENTO

2.1. Explicación: Que ideas principal e secundarias aparecen no texto? A que se refiren ou que significan? Se hai conceptos necesarios para a correcta comprensión das ideas, que significan estes?

2.2. Relación das ideas con outros textos, teorías, noticias, acontecementos ou realidades.

Valoración crítica: Que penso eu? Ideas propias e argumentos.

3. CONCLUSIÓN

3.1. Recapitulación do dito ata este momento.

3.2. Preguntas suscitadas polo texto para seguir investigando sobre o tema.